



MEMORIA ABREVIADA

EXERCICIO 2023

Data de peche 31-12-2023

FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA

Nº DE REXISTRO: 1995/5

NIF: G15859911



ÍNDICE

1. Actividade da entidade
2. Bases de presentación das contas anuais
 - 2.1. *Imaxen fiel*
 - 2.2. *Principios contables non obrigatorios aplicados*
 - 2.3. *Aspectos críticos da valoración e estimación da incertidumbre*
 - 2.4. *Comparación da información*
 - 2.5. *Elementos recollidos en varias partidas.*
 - 2.6. *Cambios en criterios contables*
 - 2.7. *Corrección de erros*
 - 2.8. *Importancia Relativa*
3. Excedente do exercicio
4. Normas de rexistro e valoración
 - 4.1. *Inmovilizado intanxible*
 - 4.2. *Inmovilizado material*
 - 4.3. *Inversións Inmobiliarias*
 - 4.4. *Bens do Patrimonio Histórico*
 - 4.5. *Permutas*
 - 4.6. *Créditos e débitos pola actividade propia*
 - 4.7. *Instrumentos financeiros*
 - 4.8. *Existencias*
 - 4.9. *Transaccións en moeda extranxeira*
 - 4.10. *Impostos sobre beneficios*
 - 4.11. *Ingresos e gastos*
 - 4.12. *Provisións y continxencias*
 - 4.13. *Criterios empleados para o rexistro e valoración dos gastos de persoal*
 - 4.14. *Subvencións, donacions e legados*

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



- 4.15. Fusions entre entidades non lucrativas*
- 4.16. Negocios conxuntos*
- 4.17. Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas*
- 5. Inmobilizado material, intanxible e inversións inmobiliarias
- 6. Bens do Patrimonio Histórico
- 7. Usuarios e outros debedores da actividade propia
- 8. Beneficiarios-Acreedores
- 9. Activos financeiros
- 10. Pasivos financeiros
- 11. Fondos propios
- 12. Situación fiscal
 - 12.1. Impostos sobre beneficios*
- 13. Ingresos e Gastos
- 14. Actividade da entidade. Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios. Gastos de administración
 - 14.1. Actividade da entidade*
 - 14.2. Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios*
 - 14.3. Gastos de administración*
- 15. Operacións con partes vinculadas
- 16. Outra información
 - 16.1. Empleo*
 - 16.2. Compromisos, garantías ou continxencias*
 - 16.3. Feitos posteriores*
 - 16.4. Outra información*
- 17. Subvencións, donacións e legados (Nota Opcional según interpretación da Consulta 1 del BOICAC nº110)
- 18. Inventario



1. ACTIVIDADE DA ENTIDADE

A Fundación Amigos de Galicia, foi constituída en escritura autorizada polo Notario de Pontevedra, D. César Cunqueiro González Seco, o día trinta de xuño de mil novecentos noventa e cinco, co número de protocolo 1.457. Ten a súa inscrición no Rexistro de Fundacións con data vinte e sete de xullo de mil novecentos noventa e cinco, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais con número E-2199 con data doce de febreiro de 2008, e no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento – Outros Axentes Sociais co número E - 19 con data do 24 de outubro de 2011.

Os estatutos da Entidade foron modificados de conformidade coa Lei do Parlamento de Galicia 12/2006 do 1 de decembro de Fundacións de Interese Galego.

Os estatutos da Entidade foron modificados tamén polo Decreto 248/1992 do 18 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

A principal actividade da Fundación Amigos de Galicia é a atención ás persoas mais vulnerables e en risco de exclusión social, especialmente a aquelas que contan con menores o seu cargo. Tamén se pretende apoiar e asesorar noutros campos imprescindibles na loita contra a exclusión como é a formación e o emprego.

Os programas desenrolados permiten que as familias beneficiarias poidan dispoñer dos produtos de primeira necesidade indispensables na vida cotiá, ademais de facilitar a contribuír de forma temporal ós recursos básicos para lograr unha estabilidade na unidade familiar. Estes programas contemplan a cobertura das necesidade básicas de alimentación, roupa e calzado, hixiene e limpeza, mobiliario do fogar, material escolar e outras necesidades concretas.

Por outra banda a Fundación leva a cabo o Plan de Inclusión Socio laboral: a través da Axencia de Colocación autorizada pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, o obxectivo é mellorar a empregabilidade e busca de emprego das persoas desempregadas en xeral, facendo fincapé naquelas que se encontran nunha situación de dificultade, e en colectivos mais desfavorecidos para a integración social e laboral.

Dende a entidade somos conscientes de que o acceso ao emprego é a principal ferramenta que teñen as persoas para poder obter recursos cos que ser independentes. A través do servizo de orientación laboral o persoal técnico da entidade realiza accións encamiñadas á inserción laboral e formación de persoas en idade laboral de Galicia a través de itinerarios personalizados de inserción laboral.

A fundación ten o seu domicilio social en Rúa da Tabaniscas, nº 50, en Santiago de Compostela (A Coruña), e o domicilio fiscal en Avda. López Ballesteros, nº 9, de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

As actividades desenvólvense nos seguintes lugares:

Rúa da Tabaniscas, nº 50 – 15.705 Santiago de Compostela – A Coruña.

Avda. López Ballesteros nº 9 – 36.600 Vilagarcía de Arousa – Pontevedra.

Avda. Matosinhos, nº 2 – 36.600 Vilagarcía de Arousa – Pontevedra.

Rúa Fontecarmoa nº 63 – 36.600 Vilagarcía de Arousa – Pontevedra.

Avda. de Portugal, 59 – Baixo Esq. – 32.002 Ourense

Rúa Benito Corbal, 21-25 – 36.001 Pontevedra

Ronda Músico Xosé Castiñeira nº 14 – 27.002 Lugo

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



Aplicase a Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e a Lei 49/2002, de 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos, o Real Decreto 1337/2005, de 11 de novembro, no que se aproban o Regulamento de Fundacións de Competencia Estatal, o Real Decreto 1611/2007, de 7 de decembro, no que se aproba o Regulamento de Rexistro de Fundacións de Competencia Estatal, o Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, no que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, o Real Decreto 1515/2007, de 16 de novembro, no que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas y Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas, o Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, no que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sin fins lucrativos e o modelo del plan de actuación das entidades sen fins de lucro, e demais disposicións legais.

A información do grupo de entidades nos termos previstos no artigo 42 do Código de Comercio e na norma de elaboración das contas anuais 10ª e a seguinte:

NIF	Denominación	Obxecto social	Domicilio	Rexistro Mercantil	Data de peche
B94099413	Troco solidario EIL S.L.	Integración no mercado laboral de persoas en risco de exclusión social. Venta de todo tipo de produtos.usados ou doados. Venta de material médico-quirúrxico, material desbotable, vestuario e complementos Artes gráficas	Av. De Lugo nº 115, 15.702 Santiago de Compostela, A Coruña	Rexistro Mercantil de Pontevedra	31/12/2023

A moeda funcional coa que opera a entidade e de presentación das Contas Anuais é o euro. Para a formulación dos estados financeiros en euros seguíronse os criterios establecidos no Plan Xeral Contable tal e como figura no apartado 4. Normas de rexistro e valoración.

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

2.1 Imaxe fiel

As Contas Anuais do exercicio 2023 axuntas foron formuladas polo presidente e secretario da FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA, a partir dos rexistros contables da Fundación a 31 de Decembro de 2023 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1491/2011 do 24 de outubro, no que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás Entidades sen fins lucrativos e o modelo do plan de actuación das Entidades sen fins lucrativos, as Resolucións do 26 de marzo de 2013, do ICAC, nas que se aproban o Plan de contabilidade de entidades sin fins lucrativos e o Plan de Contabilidade de Pequenas e Medianas entidades sen fins lucrativos, en todo o que non modificaron especificamente as normas anteriores, aplicarase o Real Decreto 1514/2007, no que se aproba o Plan Xeral de Contabilidad, a Lei 50/2002 do 26 de decembro, de Fundacións, Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e a Lei 49/2002, do 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Entidade.

Non existen razóns excepcionais polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se aplicasen disposicións legais en materia contable.

As contas anuais adxuntas someteranse a aprobación polo Padroado da Fundación estimándose que serán aprobadas sen modificación algunha. As contas anuais do exercicio anterior, foron aprobadas polo Padroado o 15 de xullo do 2023.

2.2. Principios contables non obrigatorios aplicados

Non se aplicaron principios contables non obrigatorios.

2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incertidumbre

A Entidade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco significativo que poida supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte

Nas contas anuais adxuntas utilizáronse ocasionalmente estimación realizadas pola Dirección da Entidade para cuantificar algún dos activos, pasivos, ingresos, gastos e compromisos que figuran rexistrados en ela. Basicamente, estas estimacións refírense a:

- Vida útil dos activos materiais e intanxible
- As estimación realizadas para a determinación dos compromisos de pagos futuros.
- A probabilidade de ocorrencia e o importe dos pasivos indeterminados o continxentes.

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



É posible que, aínda que estas estimacións fixéranse en función da mellor información da que se dispón á data de formulación destas contas anuais sobre os feitos analizados, xurdan acontecementos no futuro que obriguen a modificalas nos próximos exercicios, o que se faría de forma prospectiva recoñecendo os efectos do cambio de estimación nas contas anuais futuras.

2.4. Comparación da información

As contas anuais preséntanse a efecto comparativos, con cada unha das partidas do balance e da conta de resultados, ademais da cifras do exercicio 2023, as correspondentes o exercicio anterior. A información contida na memoria referida o exercicio 2023 preséntase, a efectos comparativos coa información do exercicio anterior.

2.5. Elementos recollidos en varias partidas

Non hai elementos patrimoniais rexistrados en dúas ou máis partidas do balance.

2.6. Cambios nos criterios contables

Durante o ano 2023 non se produciu cambios significativos nos criterios contables con respecto aos criterios aplicados no exercicio anterior.

2.7. Corrección de erros

As contas anuais do presente exercicio non recollen axustes realizados como consecuencia de erros detectados no exercicio.

2.8. Importancia relativa

Á hora de determinar a información que se vai desagregar nesta memoria sobre as distintas partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Entidade, de acordo co Marco Conceptual da normativa de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen ánimo de lucro, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do ano 2023.



3. APLICACIÓN EXCEDENTE DO EXERCICIO

Proposta de aplicación do excedente:

Base de Reparto	2.023	2.022
Excedente do exercicio	-73.357,44	-47.912,13
Remanente.....		
Reservas voluntarias.....		
Outras reservas de libre disposición.....		
TOTAL BASE DE REPARTO = TOTAL APLICACIÓN.....	-73.357,44	-47.912,13
Aplicación a	2.023	2.022
Dotación fundacional.....		
Reservas especiais.....		
Reservas voluntarias.....		
Compensación de excedentes negativos de exercicios anteriores.....		
TOTAL APLICACIÓN = TOTAL BASE DE REPARTO.....	0,00	0,00

O excedente negativo do exercicio compensarase con cargo a reservas voluntarias.

4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

4.1. Inmobilizado intanxible

O inmobilizado intanxible valórase inicialmente polo seu custo, xa sexa este o prezo de adquisición ou o custo de produción.

O custo do inmobilizado intanxible adquirido mediante combinacións de negocios é o seu valor razoable na data de adquisición.

Despois do recoñecemento inicial, o inmobilizado intanxible valórase polo seu custo, menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas.

Os activos intanxibles son activos de vida útil definida e, polo tanto, amortízanse sistematicamente en función da vida útil estimada destes e do seu valor residual. Polo menos ao peche do exercicio, avalíase a existencia de indicios de deterioro, nese caso se estiman os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

No presente exercicio non se recoñeceron “Perdas netas por deterioro” derivadas dos activos intanxibles.

Cando a vida útil destes activos non poida estimarse de maneira fiable amortízanse nun prazo de dez anos, sen prexuízo dos prazos establecidos nas normas particulares sobre o inmobilizado intanxible.

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



A Fundación inclúe no custo do inmovilizado intanxible que precisa un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérico, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción.

a) Investigación e desenvolvemento:

A Entidade non ten gastos de investigación e desenvolvemento activados

b) Concesións

A Entidade non ten concesións.

c) Propiedade industrial, patentes, licenzas, marcas e semellantes

A Entidade non ten propiedades industrial, patentes, licenzas, marcas e semellantes no balance

d) Fondo de comercio

A Entidade non ten recoñecido fondo de comercio no activo do balance.

e) Aplicacións informáticas

A Entidade non ten aplicación informáticas.

f) Propiedade intelectual

A entidade non ten rexistrada propiedade intelectual no activo do balance.

g) Contratos de franquía

A entidade non ten contratos de franquía rexistrados no activo do balance

4.2. Inmovilizado material

Valórase ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, todos os gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ata a súa posta en funcionamento, como os gastos de explanación e derrubamento, transporte, seguros, instalación, montaxe e outros similares.

A Fundación inclúe no custo do inmovilizado material que necesita un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérico, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción. Forma parte, tamén, do valor do inmovilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigas asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociadas ao activo, tales como custos de rehabilitación, cando estas obrigas dan lugar ao rexistro de provisións.

A Fundación non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo. Por iso non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigas de futuro.

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



Rexístrase a perda por deterioración do valor dun elemento do inmovilizado material cando o seu valor neto contable supere o seu importe recuperable, entendendo este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor en uso.

Os custos de ampliación ou mellora, que dan lugar a un aumento da capacidade produtiva ou a un alongamento da vida útil dos bens, son incorporados ao activo como maior valor deste.

As contas do inmovilizado material en curso, cárganse polo importe dos devanditos gastos, con aboamento á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola Fundación para si mesma.

Os custos relacionados con grandes reparacións dos elementos do inmovilizado material recoñécese como substitución no momento en que se incorren e se amortiza durante o período que medie ata a seguinte reparación, dando de baixa calquera importe asociado á reparación que puidese permanecer no valor contable do citado inmovilizado.

Nos arrendamentos financeiros contabilízase o activo de acordo coa súa natureza, e un pasivo financeiro polo mesmo importe, que é o menor entre o valor razoable do activo arrendado e o valor actual ao inicio do arrendamento dos pagamentos mínimos acordados.

A amortización dos elementos do inmovilizado material realizarase, dende o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada, estimando un valor residual nulo, en función dos anos de vida útil.

Descrición	Anos	% Anual
Maquinaria	8	12,00%
Outras Instalacións	5	20,00%
Mobiliario	10	10,00%
Equipos Procesos de Información	4-8	12,5-25%
Elementos de Transporte	6-10	10-16%
Outro Inmovilizado	5-14	7-20%

4.3. Inversións inmobiliarias

A Entidade clasifica como investimentos inmobiliarios aqueles activos non correntes que son inmoables e que posúe para obter rendas, plusvalías ou ambos, en lugar de para o seu uso na produción ou subministración de bens ou servizos, ou con fins administrativos, ou ben. a súa venda no curso ordinario das operacións. Así como aqueles terreos e edificacións cuxos usos futuros non estean determinados no momento da súa incorporación ao patrimonio da Entidade.

Para a valoración dos investimentos inmobiliarios utilízanse os criterios de inmovilizado material para terreos e edificacións, sendo os seguintes:

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



- Os terreos sen edificar valóranse polo seu prezo de adquisición máis os gastos de acondicionamento, tales como peches, movementos de terras, obras de saneamento, demolición de edificacións cando sexa necesario para realizar obras novas, gastos de inspección e debuxo de planos cando se realicen con anterioridade á súa adquisición, así como a estimación inicial do valor actual das presentes obrigas derivadas dos gastos de rehabilitación do solar.
- As construcións valóranse polo seu prezo de adquisición ou custo de produción, incluídas aquelas instalacións e elementos que teñan carácter permanente, polas taxas inherentes á construción e os honorarios facultativos de proxecto e dirección de obra.

4.4. Bens do Patrimonio Histórico

Ámbito de aplicación:

A expresión “bens do Patrimonio Histórico” aplícase a aqueles elementos recollidos na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español. Son bens que a comunidade considera oportuno preservar por razóns de índole artística ou cultural, sendo un dos seus rasgos característicos o feito de que non se poden reemprazar. A Fundación é titular dunha finca dentro do ámbito do Proxecto Sectorial de ampliación do parque empresarial do Pousadoiro. Esta finca descríbese como:

- Rústica.- Pousadoiro (tamén coñecida como Agro do Fento), no lugar do Vento, sita na parroquia de Cea, municipio de Vilagarcía de Arousa; o pinar ten unha superficie de doce áreas e cincuenta e catro centiáreas, iguais a vinte e sete concas e tres quintos. Linda ao norte cun camiño veciñal, ao sur coa estrada Caldas – Vilagarcía, cun valor de 3.005,06 €. Referencia catastral: 360060000000250117ZQ.

A referida parcela foi adquirida pola Fundación Amigos de Galicia en virtude de cesión gratuíta, formalizada por un patrón da Entidade, baixo a condición de que dito predio sexa adicado pola Fundación á construción dunha nave con fins sociais, prazo máximo de oito anos a contar dende o día 23 de febreiro de 2008, data da cesión, podendo os cedentes recobrar a propiedade do predio en caso de incumprimento de dita condición.

4.5. Permutas

Nas permutas de carácter comercial, o inmovilizado material recibido valórase polo valor razoable do activo entregado máis as contraprestacións monetarias que fosen entregadas a cambio, salvo que exista unha evidencia máis clara do valor razoable do activo recibido e co límite desta última.

Considerase un intercambio de carácter comercial cando:

- O risco, o momento e o importe dos fluxos de efectivo dos inmovilizados recibidos difiren da configuración dos fluxos de efectivo do activo entregado; ou
- O valor actual dos fluxos de efectivo despois de impostos das actividades da Entidade afectadas pola permuta vese modificado como consecuencia da permuta.

Cando o intercambio non sexa de natureza comercial ou cando non se poida obter unha estimación fiable do valor razoable dos elementos implicados na transacción, o inmovilizado material recibido valórase polo valor

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



en libros do activo entregado máis, se é o caso, as contraprestacións monetarias que se entregasen a cambio, co límite, cando se dispoña, do valor razoable do inmovilizado recibido, se este fose inferior.

4.6. Créditos e débitos pola actividade propia

A presente norma aplicárase a:

- a) Créditos pola actividade propia: son os dereitos de cobramento que se orixinan no desenvolvemento da propia actividade fronte aos beneficiarios, usuarios, patrocinadores e afiliados.

As cuotas, doazóns e outras axudas análogas, de patrocinadores, afiliados ou outros debedores, con vencemento a curto prazo, orixinan un dereito de cobramento que se rexistra polo seu valor nominal. Se o vencemento supera o citado prazo, recoñeceranse polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o nominal do crédito rexístrase como ingresos financeiros na conta de resultados segundo o criterio do custo amortizado.

Os préstamos concedidos no exercicio da actividade propia a un tipo de xuro cero ou inferior ao de mercado, contabilízanse polo seu valor razoable. A diferenza entre o valor razoable e o importe entregado recoñécese inicialmente como gasto na conta de resultados segundo a súa natureza. Despois do seu recoñecemento inicial, a reversión do desconto aplicado rexístrase como ingreso financeiro na conta de resultados

Polo menos ao peche do exercicio realízanse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que se produciu un deterioro do valor destes activos, que se contabilizan utilizando o criterio do custo amortizado.

- b) Débitos pola actividade propia: son as obrigas derivadas da concesión de axudas e demais asignacións aos beneficiarios da entidade en cumprimento dos seus propios fins:

As axudas e demais dotacións concedidas pola entidade aos seus beneficiarios, con vencemento a curto prazo, dan lugar ao recoñecemento dun pasivo polo seu valor nominal. Se o vencemento supera o citado prazo, recoñecerase polo seu valor actual. A diferenza entre o valor actual e o valor nominal do débito rexístrase como gasto financeiro na conta de resultados segundo o criterio do custo amortizado.

Se a axuda se concede por varios anos, o pasivo contabilizarase polo valor actual do importe firmemente comprometido de forma irrevogable e incondicional. Este mesmo criterio aplícase naqueles supostos nos que a prórroga da axuda non estea sometida a avaliacións periódicas, senón ao mero cumprimento de trámites formais ou administrativos.



4.7. Instrumentos financeiros

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros aqueles contratos que dean lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra entidade. Polo tanto, esta norma é aplicable aos seguintes instrumentos financeiros:

a) Activos financeiros:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais: clientes e debedores diversos.
- Créditos a terceiros: como préstamos e créditos financeiros concedidos, incluídos os que xorden da venda de activos non correntes.
- Valores representativos de débeda doutras empresas adquiridos: como obrigas, bonos e pagarés.
- Instrumentos de patrimonio doutras sociedades adquiridas: accións, participacións en entidades de investimento colectivo e outros instrumentos de patrimonio.
- Outros activos financeiros: como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos, dividendos a cobrar e desembolsos esixidos sobre instrumentos de patrimonio propio.

b) Pasivos financeiros:

- Débedas por operacións comerciais: provedores e acredores diversos.
- Débedas con entidades de crédito;
- Obrigas e outros valores negociables emitidos: tales como bonos e pagares.
- Derivados con valoración desfavorable para a entidade: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo.
- Débedas con características especiais.
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou empresas que non sexan entidades de crédito incluídos os xurdidos na compra de activos non correntes, fianzas e depósitos recibidos e desembolsos exixidos por terceiros sobre participacións.

c) Instrumentos de patrimonio propio:

- Todos os instrumentos financeiros que estean incluídos nos fondos propios, como as accións ordinarias emitidas.



4.7.1. Inversións financeiras a largo e corto prazo

Activos financeiros a custo amortizado

Inclúese nesta categoría un activo financeiro, aínda que estea admitido a negociación nun mercado organizado, se a empresa mantén o investimento coa finalidade de recibir os fluxos de caixa derivados da execución do contrato, e as condicións contractuais do activo financeiro dan lugar, en datas especificadas, a fluxos de efectivo que son unicamente cobros de principal e intereses sobre o principal pendente. Os fluxos de efectivo contractuais que son unicamente cobros de principal e intereses sobre o importe principal pendente son inherentes a un acordo que teña a natureza de préstamo ordinario ou común, sen prexuízo de que a operación se pacte a un tipo de xuro cero ou por debaixo do mercado. Con carácter xeral, inclúense nesta categoría os créditos por operacións comerciais (aqueles activos financeiros que se orixinan na venda de bens e na prestación de servizos por operacións de tráfico da empresa con cobro aprazado), e os créditos por operacións non comerciais aqueles activos financeiros que, non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, non teñen orixe comercial e cuxos cobros sexan de importe determinado ou determinable, procedentes de operacións de préstamo ou crédito concedidas pola empresa). É dicir, dentro desta categoría estarían os préstamos e contas a cobrar, así como aqueles valores representativos de débeda, con vencemento fixado, cobros de importe determinado ou determinable, que se negocien nun mercado activo e que a Sociedade teña intención e capacidade de manter ata o vencemento.

Valoración inicial:

Valóranse inicialmente polo seu valor razoable, máis os custos de transacción que lles sexan directamente imputables. Non obstante, os créditos por operacións comerciais cun vencemento non superior a un ano e que non teñan un tipo de xuro contractual explícito, así como os créditos ao persoal, dividendos a cobrar e desembolsos necesarios en instrumentos de patrimonio, cuxo importe se prevé percibir a curto prazo, poderán ser valorados polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non sexa significativo.

Valoración posterior:

Realízase ao custo amortizado e os xuros devindicados rexístranse na conta de perdas e ganancias, aplicando o método do tipo de xuro efectivo. Non obstante, os créditos con vencemento non superior a un ano que, de conformidade co disposto no apartado anterior, estean valorados inicialmente polo seu valor nominal, continuarán valorándose por ese importe, salvo que estivesen deteriorados. Cando se modifiquen os fluxos de efectivo contractuais dun activo financeiro debido ás dificultades financeiras do emisor, a empresa analizará se procede rexistrar unha perda por deterioro.

Deterioración:

A Sociedade rexistra as correspondentes deterioracións pola diferenza entre o importe a recuperar das contas a cobrar e o valor contable polo que se rexistran.

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



Polo menos ao peche do exercicio, realízanse os axustes de valoración necesarios sempre que exista evidencia obxectiva de que o valor dun activo financeiro incluído nesta categoría, ou dun grupo de activos financeiros con características de risco similares valorados colectivamente, sufriu un deterioro como consecuencia de un ou varios feitos acontecidos con posterioridade ao seu recoñecemento inicial e que provoquen unha redución ou atraso nos futuros fluxos de caixa estimados, que poidan estar motivados pola insolvencia do debedor.

A perda por deterioro do valor destes activos financeiros é a diferenza entre o seu valor en libros e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros, incluíndo, no seu caso, os procedentes da execución das garantías reais e persoais, que se estima van xerar, descontados. ao tipo de xuro efectivo calculado no momento do seu recoñecemento inicial.

As corrección de valor por deterioración, así como a súa reversión cando o importe da devandita perda diminúe por causas relacionadas con un suceso posterior, recoñécense como gasto ou ingreso, respectivamente, na conta de perdas e ganancias. A reversión da deterioración límtase ao valor en libros do activo que se recoñecería na data de reversión se non se rexistrara o deterioro

Activos financeiros a valor razoable con cambios na conta de perdas y ganancias:

Inclúense nesta categoría todos os activos financeiros, salvo que proceda a súa clasificación nalgunha das outras categorías. Os activos financeiros mantidos para negociar inclúense obrigatoriamente nesta categoría.

Os instrumentos de patrimonio que non se manteñan para negociar, nin estean valorados ao seu custo, a sociedade poderá optar irrevogablemente no momento do seu recoñecemento inicial para presentar as modificacións posteriores no valor razoable directamente no patrimonio neto.

En todo caso, a sociedade poderá, no recoñecemento inicial, designar irrevogablemente un activo financeiro como medido ao valor razoable con cambios na conta de resultados, se ao facelo elimina ou reduce significativamente unha incoherencia na valoración.

Valoración inicial:

Valóranse polo seu valor razoable. Os custos de transacción que lles sexan directamente imputables son recoñecidos na conta de perdas e ganancias do exercicio.

Valoración posterior:

Valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias.

Deterioración:

Non se deterioran xa que están valorados en todo momento polo seu valor razoable, imputándolle as variacións de valor ao resultado do exercicio.

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



Activos financeiros a coste:

Nesta categoría inclúense, entre outros, os investimentos no patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas, así como as restantes inversións en instrumentos de patrimonio cuxo valor razoable non se poida determinar por referencia a un prezo cotizado nun mercado activo para un instrumento idéntico, ou non se pode obter unha estimación fiable.

Incluíranse tamén nesta categoría os préstamos participativos cuxos xuros teñan carácter continxente e calquera outro activo financeiro que inicialmente procedese clasificar na carteira de valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias cando non sexa posible obter unha estimación fiable do seu valor razoable.

Valoración inicial:

Valóranse ao custo, que é igual ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custos de transacción que lles sexan directamente imputables.

Valoración posterior:

Os instrumentos de patrimonio incluídos nesta categoría valóranse polo seu custo, menos, se é o caso, o importe acumulado das correccións valorativas por deterioración.

Deterioración:

Polo menos ao peche do exercicio efectúanse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que o valor en libros dun investimento non é recuperable. A Sociedade rexistra as correspondentes deterioracións pola diferenza entre o valor en libros e o importe recuperable, entendéndose como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros derivados do investimento, que, no caso de instrumentos de patrimonio calcúlanse, ben estimando o que se espera recibir como resultado da distribución de dividendos efectuada pola sociedade participada e da venda ou baixa en contas do investimento na mesma, ben mediante a estimación da súa participación nos fluxos de efectivo que se prevé xerar pola sociedade participada, que procedan tanto das súas actividades ordinarias como da súa venda ou baixa en contas.

Salvo que exista unha mellor evidencia do importe recuperable dos investimentos en instrumentos de patrimonio, a estimación da perda por deterioración desta clase de activos calcúlase en función do patrimonio da participada e das plusvalías tácitas existentes na data da valoración, neto do efecto fiscal. Para a determinación deste valor, e sempre que a sociedade participada investise á súa vez noutra, terase en conta o patrimonio neto incluído nas contas anuais consolidadas elaboradas aplicando os criterios do Código de Comercio e da súa normativa de desenvolvemento.

O recoñecemento das correccións valorativas por deterioro do valor e, se é o caso, a súa reversión, rexístranse como gasto ou ingreso, respectivamente, na conta de perdas e ganancias. A reversión do deterioro limitarase ao valor en libros do investimento que se recoñecería na data de reversión se o deterioro non se rexistrara.

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



Activos financeiros a valor razoable con cambios no patrimonio neto.

Un activo financeiro inclúese nesta categoría cando as condicións contractuais do activo financeiro dan lugar, en datas especificadas, a fluxos de efectivo que son unicamente cobros de principal e intereses sobre o importe do principal pendente, e non se mantén para negociar e nin proceda clasificalo na categoría de activos financeiros a custo amortizado. Tamén se inclúen nesta categoría os investimentos en instrumentos de patrimonio para as que, debéndose incluírse na categoría de activos financeiros a valor razoable con variación de perdas e ganancias, exercitouse a opción irrevogable de clasificalas nesta categoría.

Valoración inicial:

Valor razoable, que, salvo evidencia en contrario, é o prezo da transacción, que equivale ao valor razoable da contraprestación entregada, máis os custos de transacción que lles sexan directamente imputables.

Valoración posterior:

Valor razoable, sen deducir os custos de transacción en que se poidan incurrir na súa venda. As variacións que se produzan no valor razoable rexístranse directamente no patrimonio neto, ata que o activo financeiro causa baixa do balance ou se deteriore, momento no que o importe así recoñecido impútase á conta de perdas e ganancias.

Deterioro:

Polo menos ao peche do exercicio, realízanse as correccións valorativas necesarias sempre que exista evidencia obxectiva de que o valor dun activo financeiro sufriu un deterioro como consecuencia dun ou máis eventos que ocorreron despois do seu recoñecemento inicial e que causen: - atraso nos fluxos de caixa futuros estimados; ou - falta de recuperabilidade do valor en libros do activo, evidenciada, por exemplo, por un descenso prolongado ou significativa do seu valor razoable.

A corrección valorativa por deterioración do valor destes activos financeiros é a diferenza entre o seu custo ou custo amortizado menos, no seu caso, calquera corrección valorativa por deterioración previamente recoñecida na conta de perdas e ganancias e o valor razoable no momento en que efectúa a valoración. As perdas acumuladas recoñecidas no patrimonio neto por diminución do valor razoable, sempre que exista evidencia obxectiva de deterioración no valor do activo, recoñécense na conta de perdas e ganancias.

Se o valor razoable aumenta nos exercicios posteriores, a corrección valorativa recoñecida en exercicios anteriores reverte con abono á conta de perdas e ganancias do exercicio. Non obstante, no caso de que o valor razoable correspondente a un instrumento de patrimonio aumente, a corrección valorativa recoñecida en exercicios anteriores non reverterá con abono á conta de perdas e ganancias, o incremento do valor razoable imputase directamente contra o patrimonio neto.

O SECRETARIO

Vº e Pr. O PRESIDENTE



Xuros e dividendos recibidos de activos financeiros

Os xuros e dividendos dos activos financeiros devengados con posterioridade ó momento da adquisición recoñécense como ingresos na conta de resultados. Os intereses recoñécense polo método do tipo de xuro efectivo e os ingresos por dividendos procedentes de investimentos en instrumentos de patrimonio recoñécense cando xurden os dereitos da Entidade a percibilos.

